

ACTA NÚMERO: 10/2026

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 12 DE MARZO DE 2026.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 12 de marzo de 2026 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- Dona María Beatriz del Cerro del Río, Vicesecretaria.
- Dona María Belén Pampín Camino, Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación das actas das reunións anteriores correspondentes aos días, 16 de febreiro de 2026 (Reunión 08/2026) e 5 de marzo de 2026 (Reunión 09/2026).
2. Dar conta da oferta presentada pola empresa ARALAB EQUIPAMENTOS DE LABORATORIO E ELECTROMECAÁNICA GERAL LDA. (PT501516590) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación do servizo de mantemento das cámaras fitoclima e do sistema desmineralizador da Estación Fitopatolóxica Areeiro. (Expte.- 2026001525).
3. Dar conta da oferta presentada polo Monasterio de Santa Clara de Santiago de Compostela (Orden Santa Clara, Comunidad de Religiosas de Santiago de Compostela), con (NIF R1500018E) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a adquisición de bens artísticos no recinto conventual de Santa Clara. (Expte.- 2025051418).
4. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2203 Baredo - E.P. Baiona-Loureira dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona". (Expte.- 2026002683).
5. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de execución do programa "+ Xuntas 2026 e 2027". (Expte.- 2025058831).
6. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes aos criterios avaliáveis automaticamente do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de execución do programa "+ Xuntas 2026 e 2027". (Expte.- 2025058831).
7. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes coa documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, montaxe e instalación de diverso mobiliario para os fogares do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar do Centro Príncipe Felipe. (Expte.- 2025052299).
8. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes aos criterios avaliáveis automaticamente do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, montaxe e instalación de diverso mobiliario para os fogares do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar do Centro Príncipe Felipe. (Expte.- 2025052299).
9. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de desenvolvemento, implantación, mantemento e soporte dun axente conversacional baseado en intelixencia artificial para a páxina web do BOPPO da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025054380).
10. Apertura electrónica dos sobres "C" correspondente aos criterios avaliáveis automaticamente do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de desenvolvemento, implantación, mantemento e soporte dun axente conversacional baseado en intelixencia artificial para a páxina web do BOPPO da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025054380).
11. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución de reforma dunha edificación para área de recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior. (Expte.- 2025037376).
12. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes aos criterios avaliáveis automaticamente do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución de reforma dunha edificación para área de recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior. (Expte.- 2025037376).



Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE e Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación das actas das reunións anteriores correspondentes aos días, 16 de febreiro de 2026 (Reunión 08/2026) e 5 de marzo de 2026 (Reunión 09/2026).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes nas reunións, votan a favor da aprobación das actas das reunións anteriores correspondentes aos días, 16 de febreiro de 2026 (Reunión 08/2026) e 5 de marzo de 2026 (Reunión 09/2026).

2. Dar conta da oferta presentada pola empresa ARALAB EQUIPAMENTOS DE LABORATORIO E ELECTROMECAÁNICA GERAL LDA. (PT501516590) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación do servizo de mantemento das cámaras fitoclima e do sistema desmineralizador da Estación Fitopatolóxica Areeiro. (Expte.- 2026001525).

Por Resolución Presidencial número 2026001586, de data 27/02/2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do “Servizo de mantemento das cámaras fitoclima e do sistema desmineralizador da Estación Fitopatolóxica Areeiro”, cun orzamento de licitación de 18.077,84 €, IVE engadido.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar a empresa ARALAB EQUIPAMENTOS DE LABORATORIO E ELECTROMECAÁNICA GERAL LDA. (PT501516590), a presentar proposición, no caso de estar interesado, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que se produce o 27/02/2026.

A empresa LABORATORIO E ELECTROMECAÁNICA GERAL LDA. (PT501516590), presentou dentro do prazo indicado a correspondente proposición e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta presentada pola empresa foi a seguinte: 14.940,36 €, IVE excluído.

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa LABORATORIO E ELECTROMECAÁNICA GERAL LDA. (PT501516590), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do “Servizo de mantemento das cámaras fitoclima e do sistema desmineralizador da Estación Fitopatolóxica Areeiro.”



3. Dar conta da oferta presentada polo Monasterio de Santa Clara de Santiago de Compostela (Orden Santa Clara, Comunidad de Religiosas de Santiago de Compostela), con (NIF R1500018E) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a adquisición de bens artísticos no recinto conventual de Santa Clara. (Expte.- 2025051418).

Por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 20 de febreiro de 2026 aprobouse o expediente para a adquisición por compravenda, mediante procedemento negociado sen publicidade, de bens artísticos no Recinto Conventual de Santa Clara, cun orzamento de licitación de 396.250,00 euros, (Exento de IVE).

No citado acordo tamén se procedeu a invitar a presentar proposición á Orde de Santa Clara, Comunidade de Relixiosas de Santiago de Compostela (CIF: R1500018E), na súa calidade de provedora única, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que se produce o 27/02/2026.

A Orde de Santa Clara, Comunidade de Relixiosas de Santiago de Compostela (CIF: R1500018E), presentou dentro do prazo indicado a correspondente proposición e unha vez examinada a documentación, a citada Orde de Santa Clara, resultou admitida no procedemento.

A oferta presentada pola A Orde de Santa Clara, Comunidade de Relixiosas de Santiago de Compostela foi a seguinte:

Prezo sen IVE:	396.250, 00 €
IVE (21%):	0, 00 €*
Prezo total:	396.250, 00 €

*Non suxeito a IVE ó tratarse de transmisión de inmobles destinados a actividades culturais.

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola Orde de Santa Clara, Comunidade de Relixiosas de Santiago de Compostela (CIF: R1500018E), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a adquisición, por compravenda, de bens artísticos no Recinto Conventual de Santa Clara de Pontevedra.

4. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2203 Baredo - E.P. Baiona-Loureira dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona". (Expte.- 2026002683).



O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria 13 de febreiro de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato para execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2203 Baredo - E.P. Baiona-Loureza dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona*”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 13 de febreiro de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA).
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.
- PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

5. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de execución do programa “+ Xuntas 2026 e 2027”. (Expte.- 2025058831).



O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo de Xunta de Goberno, adoptado na sesión do día 20/02/2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “*Servizo de execución do programa + Xuntas 2026 e 2027*”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público con data 20/02/2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera, en cada procedemento de licitación, un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres correspondente á documentación administrativa e ofertas presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- Xestión Cultural Aurea SL (CIF B-36.394.203)

6. *Apertura electrónica dos sobres “B” correspondentes aos criterios avaliados automaticamente do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de execución do programa “+ Xuntas 2026 e 2027”. (Expte.- 2025058831).*

O Secretario informa que a Mesa de Contratación que no punto anterior desta reunión do día 12/03/2026, procedeuse á apertura do sobre “A”, correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de execución do programa + Xuntas 2026 e 2027.

A única empresa presentada e admitida foi a seguinte:

- Xestión Cultural Aurea SL (CIF B-36.394.203)

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera, en cada procedemento de licitación, un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descrición e descarga da documentación presentada nos



sobres “B”, correspondentes aos criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan neste procedemento aberto.

Os valores ofertados pola única empresa que participa no procedemento son os seguintes:

- Xestión Cultural Aurea SL (CIF B-36.394.203)

1.- Prezo total ofertado (sen iva) para dous anos de contrato e considerando a celebración de 207 obradoiros por ano:

<i>Importe sen o IVE:</i>	<i>571.999,00 €</i>
<i>IVE (21.%):</i>	<i>120.119,79 €</i>
<i>Importe total ofertado</i>	<i>692.118,79€</i>

2.- Persoal de xestión (inclúe a/o (1) responsable do programa, e (2) persoal administrativo con formación en Igualdade (Máster en Igualdade de xénero outorgado por unha Universidade e/ou Técnico/a superior en Promoción de Igualdade de xénero),

Nº de persoas con formación en Igualdade: 0 personas

3.-Persoal de docencia con formación en Igualdade (Máster en igualdade de Xénero outorgado por unha Universidade e/ou técnico/a superior en Promoción de Igualdade de xénero). Excluindo deste punto as persoas docentes que impartirán o módulo de igualdade.

Nº de persoas con formación en Igualdade que a empresa se compromete a adscribir a execución do contrato: 0 personas.

4.-Compromiso de aportar un/dunha docente de apoio ao titular por parte da empresa adxudicataria naqueles talleres nos que haxa polo menos unha persoa con discapacidade:

SI Non

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar a oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista no PCAP, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

7. Apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes coa documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, montaxe e instalación de diverso mobiliario para os fogares do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar do Centro Príncipe Felipe. (Expte.- 2025052299).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial nº 2026000910, de data 05/02/2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da “Subministración, montaxe e instalación de diverso mobiliario para os fogares do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar do Centro Príncipe Felipe”.



O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 05/02/2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto. Mediante Resolución Presidencial nº2026001345, de data 19/02/2026, rectificanse os pregos e reiniciase o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia da Plataforma de Contratación do Sector Público, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación, unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- GERALVEZ PROYECTOS CONTRAC, S.L. (B88404538)
- GONZALEZ HOGAR Y MODA, S.L. (B36252328)
- REDESS DESCANSO, S.L. (B14568497)
- COOMEX ACTIVO, S.L. (B13878624)
- GALERIAS CAMELLO MUEBLES, S.L. (B06157960)

8. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes aos criterios avaliados automaticamente do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, montaxe e instalación de diverso mobiliario para os fogares do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar do Centro Príncipe Felipe. (Expte.- 2025052299).

O Secretario informa que a Mesa de Contratación que no punto anterior desta reunión do día 12/03/2026, procedeuse á apertura do sobre "A", correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da "Subministración, montaxe e instalación de diverso mobiliario para os fogares do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar do Centro Príncipe Felipe".

As empresas presentadas e admitidas foron as seguintes:



- GERALVEZ PROYECTOS CONTRAC, S.L. (B88404538)
- GONZALEZ HOGAR Y MODA, S.L. (B36252328)
- REDESS DESCANSO, S.L. (B14568497)
- COOMEX ACTIVO, S.L. (B13878624)
- GALERIAS CAMELLO MUEBLES, S.L. (B06157960)

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera, en cada procedemento de licitación, un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

A continuación, o Secretario da Mesa de Contratación accede á Plataforma de Contratación do Sector Público mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B” correspondentes aos criterios avaliados mediante xuízos de valor das empresas que resultaron admitidas no procedemento.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobres “B” que presentan as empresas admitidas ao persoal técnico do Centro Príncipe Felipe, para que procedan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas.

9. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “B” do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de desenvolvemento, implantación, mantemento e soporte dun axente conversacional baseado en intelixencia artificial para a páxina web do BOPPO da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025054380).

A Xunta de Goberno na sesión do día 14 de novembro de 2025, adoptou o acordo de aprobación do expediente para a adxudicación mediante procedemento aberto do *servizo de desenvolvemento, implantación, mantemento e soporte dun axente conversacional baseado en intelixencia artificial para a paxina web do BOPPO da Deputación de Pontevedra*.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 14/11/2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 26/12/2025, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes a documentación administrativa, e a continuación a apertura do sobre “B” que contiña a documentación técnica.



Unha vez descargada a documentación administrativa, revisouse a mesma, acordando a Mesa de Contratación admitir as seguintes empresas:

- ASTIBOT INGENIERÍA INFORMÁTICA ROBOTICA DOMOTICA S.L (CIF B47736384)
- AUBAY SPAIN S.A.U.(CIF A82280124)
- BLAU RING LABS S.L. (CIF B93708600)
- CIUDAD AUMENTADA GLOBAL VENTURES, S.L. (CIF B88403241)
- FOQUM ANALYTICS, S.L. CIF B87072500
- INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO INFORMÁTICO EIKON, S.L. CIF B46596276
- ITELLIGENT INFORMATION TECHNOLOGIES SL CIF B11872066
- ONE MILLION BOT S.L. CIF B42588830
- OPEN SISTEMAS DE INFORMACIÓN INTERNET S.L. CIF B83513705
- PENINSULA CORPORATE INNOVATION SL CIF B66585613
- RICOH SPAIN IT SERVICES, SLU CIF B66068081
- SEDASER SOLUCIONES TECNOLOGICAS S.L.U. CIF B87499505
- TECNOLOGÍAS PLEXUS S.L. CIF B15726177
- TELECYL, S.A CIF A47310941
- UTE MAINJOBS -TISCSMART (INTEGRADA POR TICSMART S.L (CIF B-93275675) E MAINJOBS INTERNACIONAL EDUCATIVA Y TECNOLÓGICA, SAU (CIF A92909068
- VODAFONE ESPAÑA, S.A.U. CIF A80907397

Así mesmo acordou trasladar a documentación técnica descargada do sobre “B” que presentaron as referidas empresas ao persoal técnico do Servizo de Novas Tecnoloxías ao obxecto de que avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

A Xefa do Servizo de Novas Tecnoloxías Marta Parada Lorenzo emitiu informe de valoración dos criterios avaliados mediante xuízos de valor con CSV (LZOEOKIV04AKGE34) e informe complementario con CSV (YYO609DS44HJSKLS) sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:

EMPRESA	TOTAL (41 MÁX)
INVESTIGACION Y DESARROLLO INFORMATICO EIKON SL	3,25
TECNOLOGÍAS PLEXUS SL	37,00
SEDASER SOLUCIONES TECNOLOGICAS SL	22,50
CIUDAD AUMENTADA GLOBAL VENTURES SL	2,25
ASTIBOT INGENIERIA INFORMATICA ROBOTICA DOMOTICA SL	18,00
ONE MILLION BOT SL	13,75
BLAU RING LABS SL	3,00
ITELLIGENT INFORMATION TECHNOLOGIES SL	14,00



OPEN SISTEMAS DE INFORMACION INTERNET SL	3,00
AUBAY SPAIN SAU	15,50
FOQUM ANALYTICS SL	2,50
RICOH SAPIN IT SERVICES SLU	25,00
UTE MAINJOBS-TICSMART	24,25
VODAFONE ESPAÑA SAU	3,25
TELECYL SA (MADISON)	21,75

Así mesmo o informe indica que a empresa Peninsula Corporate Innovation SL non inclúe a táboa obrigatoria onde debe identificarse o cumprimento de cada requisito coas referencias de paxina e parágrafo o que impediu verificar de forma unívoca a cobertura dos requisitos do PPT.

A Mesa de Contratación acorda:

1.- Prestar conformidade aos citados informes con CSV (LZOEOKIV04AKGE34) e CSV (YYO609DS44HJSKLS)

2.- Que se proceda á apertura do sobre “C”, correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos das seguintes empresas, que acadan unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (20,50 puntos), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares:

EMPRESA	TOTAL (41 MÁX)
TECNOLOXIA PLEXUS SL	37,00
SEDASER SOLUCIONES TECNOLOGIAS SLU	22,50
RICOH SPAIN IT SERVICES SLU	25,00
UTE TICSMART -MAINJOBS	24,25
TELECYL SA (MADISON)	21,75

10. Apertura electrónica dos sobres “C” correspondente aos criterios avaliados automaticamente do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de desenvolvemento, implantación, mantemento e soporte dun axente conversacional baseado en intelixencia artificial para a páxina web do BOPPO da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025054380).

O Secretario informa os asistentes da puntuación acadada no sobre “B” polas empresas admitidas sendo as seguintes:



EMPRESA	TOTAL (41 MÁX)
INVESTIGACION Y DESARROLLO INFORMATICO EIKON SL	3,25
TECNOLOGÍAS PLEXUS SL	37,00
SEDASER SOLUCIONES TECNOLOGICAS SL	22,50
CIUDAD AUMENTADA GLOBAL VENTURES SL	2,25
ASTIBOT INGENIERIA INFORMATICA ROBOTICA DOMOTICA SL	18,00
ONE MILLION BOT SL	13,75
BLAU RING LABS SL	3,00
ITELLIGENT INFORMATION TECHNOLOGIES SL	14,00
OPEN SISTEMAS DE INFORMACION INTERNET SL	3,00
AUBAY SPAIN SAU	15,50
FOQUM ANALYTICS SL	2,50
RICOH SAPIN IT SERVICES SLU	25,00
UTE MAINJOBS-TICSMART	24,25
VODAFONE ESPAÑA SAU	3,25
TELECYL SA (MADISON)	21,75

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de contratación do Sector Público que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada no sobre "C" das empresas admitidas e que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valo (20,50 puntos), sendo os valores ofertados os seguintes:

TECNOLOXIA PLEXUS SL

1.- Prezo total ofertado (para o desenvolvemento, implantación mantemento e soporte):

Importe sen o IVE:140.633,48 €
 IVE (21 %):29.533,03 €



Importe total ofertado: 170.166,51 €

2.- Ampliación da capacidade de procesamento por *tokens*..:

<i>Tokens</i> adicionais por usuario e hora	Valor ofertado
1000 <i>tokens</i>	
2000 <i>tokens</i>	
3000 <i>tokens</i>	
4000 <i>tokens</i>	
5000 <i>tokens</i>	<input checked="" type="checkbox"/>

3.- Ampliación de acordos de nivel de servizo:

TEMPOS DE RESOLUCIÓN SEGÚN CRITICIDAD DA INCIDENCIA						
CRITICIDADE	TEMPO DE RESOLUCIÓN MÁXIMO	2 Horas	4 Horas	8 Horas	12 Horas	24 Horas
CRÍTICA	4 HORAS	<input checked="" type="checkbox"/>				
ALTA	8 HORAS	<input checked="" type="checkbox"/>				
MEDIA	24 HORAS	<input checked="" type="checkbox"/>				

SEDASER SOLUCIONES TECNOLOGIAS SLU

1.- Prezo total ofertado (para o desenvolvemento, implantación mantemento e soporte):

Importe sen o IVE:146.786,19 €
 IVE (21 %):30.825,10 €
 Importe total ofertado: 177.611,29 €

2.- Ampliación da capacidade de procesamento por *tokens*..:

<i>Tokens</i> adicionais por usuario e hora	Valor ofertado
--	-----------------------



1000 <i>tokens</i>	
2000 <i>tokens</i>	
3000 <i>tokens</i>	
4000 <i>tokens</i>	
5000 <i>tokens</i>	<input checked="" type="checkbox"/>

3.- Ampliación de acuerdos de nivel de servizo:

TEMPOS DE RESOLUCIÓN SEGÚN CRITICIDAD DA INCIDENCIA						
CRITICIDADE	TEMPO DE RESOLUCIÓN MÁXIMO	2 Horas	4 Horas	8 Horas	12 Horas	24 Horas
CRÍTICA	4 HORAS		<input checked="" type="checkbox"/>			
ALTA	8 HORAS		<input checked="" type="checkbox"/>			
MEDIA	24 HORAS			<input checked="" type="checkbox"/>		

RICOH SPAIN IT SERVICES SLU

1.- Prezo total ofertado (para o desenvolvemento, implantación mantemento e soporte):

Importe sen o IVE:140.408,40 €
IVE (21 %):29.485,76 €
Importe total ofertado: 169.894,16 €

2.- Ampliación da capacidade de procesamento por *tokens*..:

<i>Tokens</i> adicionais por usuario e hora	Valor ofertado
1000 <i>tokens</i>	
2000 <i>tokens</i>	
3000 <i>tokens</i>	
4000 <i>tokens</i>	
5000 <i>tokens</i>	<input checked="" type="checkbox"/>

3.- Ampliación de acuerdos de nivel de servizo:



TEMPOS DE RESOLUCIÓN SEGÚN CRITICIDAD DA INCIDENCIA						
CRITICIDADE	TEMPO DE RESOLUCIÓN MÁXIMO	2 Horas	4 Horas	8 Horas	12 Horas	24 Horas
CRÍTICA	4 HORAS	<input checked="" type="checkbox"/>				
ALTA	8 HORAS	<input checked="" type="checkbox"/>				
MEDIA	24 HORAS	<input checked="" type="checkbox"/>				

UTE TICSMART -MAINJOBS

1.- Prezo total ofertado (para o desenvolvemento, implantación mantemento e soporte):

Importe sen o IVE:119.900,00 €

IVE (21 %):25.179,00 €

Importe total ofertado: 145.079,00 €

2.- Ampliación da capacidade de procesamento por *tokens*..

<i>Tokens</i> adicionais por usuario e hora	Valor ofertado
1000 <i>tokens</i>	
2000 <i>tokens</i>	
3000 <i>tokens</i>	
4000 <i>tokens</i>	
5000 <i>tokens</i>	<input checked="" type="checkbox"/>

3.- Ampliación de acordos de nivel de servizo:

TEMPOS DE RESOLUCIÓN SEGÚN CRITICIDAD DA INCIDENCIA						
CRITICIDADE	TEMPO DE RESOLUCIÓN MÁXIMO	2 Horas	4 Horas	8 Horas	12 Horas	24 Horas
CRÍTICA	4 HORAS	<input checked="" type="checkbox"/>				
ALTA	8 HORAS	<input checked="" type="checkbox"/>				



MEDIA	24 HORAS	<input checked="" type="checkbox"/>				
-------	----------	-------------------------------------	--	--	--	--

TELECYL SA (MADISON)

1.- Prezo total ofertado (para o desenvolvemento, implantación mantemento e soporte):

Importe sen o IVE:171.196,10 €
 IVE (21 %):35.951,18 €
 Importe total ofertado: 207.147,28 €

2.- Ampliación da capacidade de procesamento por *tokens*..:

<i>Tokens</i> adicionais por usuario e hora	Valor ofertado
1000 <i>tokens</i>	
2000 <i>tokens</i>	
3000 <i>tokens</i>	
4000 <i>tokens</i>	
5000 <i>tokens</i>	<input checked="" type="checkbox"/>

3.- Ampliación de acordos de nivel de servizo:

TEMPOS DE RESOLUCIÓN SEGÚN CRITICIDAD DA INCIDENCIA						
CRITICIDADE	TEMPO DE RESOLUCIÓN MÁXIMO	2 Horas	4 Horas	8 Horas	12 Horas	24 Horas
CRÍTICA	4 HORAS		<input checked="" type="checkbox"/>			
ALTA	8 HORAS			<input checked="" type="checkbox"/>		
MEDIA	24 HORAS					<input checked="" type="checkbox"/>

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP,



resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

11. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres “A” do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución de reforma dunha edificación para área de recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior. (Expte.- 2025037376).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2026000735 de data 29/01/2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado do servizo de redacción do proxecto básico e de execución de reforma dunha edificación para área de recepción de visitantes do castelo de Soutomaior.

O anuncio de licitación deste publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 4/02/2026. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Unha vez descargada a documentación, a Mesa de Contratación acorda:

Admitir as seguintes empresas e empresarios:

- RICARDO PARINETE VILLASUR 12773962S
- SANTASOLEIRA, S.L. B70921796
- DAVID VÁZQUEZ GARCIA 44482311N

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación, acorda trasladar a documentación técnica dos “sobres A” ao persoal técnico do Servizo de Arquitectura, para que avalíe e pondere as propostas técnicas, seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Con data 5/03/2026, a Arquitecta do servizo Sara Piñón Esteban emitiu informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polas empresas licitadoras con (CSV: RN0K3ZDMI35BLCVQ) sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

	Empresas	9.1.1. análise ámbito e condicionantes	9.1.2. proposta procedementos	puntuación sobre A (maximo 27 puntos)
1	David Vázquez Garcia	17	4,5	21,5
2	Ricardo Parinete Villasur	7	3	10
3	Santasoleira S.L.	8	3	11



Á vista do exposto, a Mesa de Contratación acorda:

1. Prestar conformidade ás citadas puntuacións segundo constan no citado informe co csv RN0K3ZDMI35BLCVQ.
2. Acordar que se proceda a apertura do Sobre “B” correspondente aos criterios avaliábeis automaticamente do licitador David Vazquez García que acada unha puntuación mínima do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor (sobre A).
3. Que non se efectúe a apertura dos sobres “B” dos licitadores Ricardo Perinete Villasur con 10 puntos, e Santasoleira S.L., con 11 puntos, ao non acadar o mínimo do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor (13,5 puntos).

12. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondentes aos criterios avaliábeis automaticamente do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución de reforma dunha edificación para área de recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior. (Expte.- 2025037376).

O Secretario informa os asistentes da puntuación acadada no sobre “A” polas empresas admitidas ao procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución de reforma dunha edificación para área de recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior e que é a seguinte:

	Empresas	9.1.1. análise ámbito e condicionantes	9.1.2. proposta procedementos	puntuación sobre A (máximo 27 puntos)
1	David Vázquez García	17	4,5	21,5
2	Ricardo Parinete Villasur	7	3	10
3	Santasoleira S.L.	8	3	11

A Mesa de Contratación tamén acordou que non se efectúe a apertura dos sobres “B” dos licitadores Ricardo Perinete Villasur con 10 puntos, e Santasoleira S.L., con 11 puntos, ao non acadar o mínimo do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor (13,5 puntos).

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de contratación do sector público que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.



A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada no sobre “B criterios avaliábles mediante fórmulas das empresas que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliábles mediante xuízos de valor , sendo a única empresa que acadara esta puntuación no sobre A David Vázquez Garcia 44482311N con 21,5 puntos, que a oferta que achega no sobre B é a seguinte:

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	17.600 €
IVE (21 %):	3.696 €
Importe total ofertado:	21.296 €

2. Experiencia do equipo de traballo superior á mínima establecida nos pregos.

Proxectos de rehabilitación de edificios catalogados, realizados nos 10 últimos anos.	1 proxecto <input type="checkbox"/> 2 proxectos <input type="checkbox"/> 3 proxectos <input checked="" type="checkbox"/>
Proxectos de instalación en edificios catalogados, realizados nos 10 últimos anos.	1 proxecto <input type="checkbox"/> 2 proxectos <input type="checkbox"/> 3 proxectos <input checked="" type="checkbox"/>

A continuación procédese á valoración dos criterios automáticos correspondentes ao sobre “B”, de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

1. Prezo ofertado:27,6
2. Experiencia do equipo de traballo:24 puntos
Puntuación total sobre B: 51,6 puntos.

A vista do exposto a Mesa de contratación acorda:

1. Propor ao órgano de contratación, excluir ós licitadores Ricardo Parinete Villasur, e Santasoleira S.L. segundo o informe da xefa de sección de proxectos do servizo de arquitectura co csv RN0K3ZDMI35BLCVQ, porque non acadan o mínimo do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliábles mediante xuízos de valor (Sobre A).



2. Aprobar a clasificación da oferta que achega David Vázquez García que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADOR	SOBRE "A" Criterios Xuizos de valor (ata 27)	SOBRE "B" criterios automáticos (ata 73)	PUNTUACIÓN TOTAL (100)
1ª	David Vázquez García 44482311N	21,5	51,6	73,10

2.- A Mesa de Contratación comproba que o licitador David Vázquez García 44482311N, atópase inscrita no Rexistro de contratistas da Xunta de Galicia con numero de inscrición 7353. Dito certificado de inscrición acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia de non estar incurso en prohibición de contratar.

3.- Propoñer ao órgano de contratación, neste caso o Deputado delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación deste procedemento aberto simplificado o licitador David Vázquez García 44482311N, polos prezos e valores ofertados.

4.- Facultar ao Secretario da Mesa de Contratación para que requira ao empresario, David Vázquez García 44482311N, mediante comunicación electrónica para que, no prazo de 7 días hábiles contando desde o seu envío, aporte a documentación establecida nos pregos entre a que se atopa a constitución de garantía definitiva.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e trinta e cinco minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

